

## A favor da reforma laboral

Unha das vantaxes que ten estar afiliado a SNEP é poder discrepar co Secretario Xeral sen acabar nas profundas augas da baía da Coruña. Non é que o noso SX se equivoque cando critica acerbamente a reforma laboral senón que, como todo o mundo sabe, o vaso pódese ver medio baleiro ou medio cheo.

Esta reforma vén asinada polo sindicato bicéfalo UGT-CCOO e as patronais, o que é moi importante. O goberno, no caso de ter os apoios necesarios, pode legislar o que queira, por exemplo un SMI de 2.000€ mensuais e vacacións pagadas nas Canarias, pois o papel aguanta todo, pero sería papel morto xa que moitas empresas non poderían pagalo e outras moitas non quixerían; e unhas e outras buscarían (e atoparían) a forma de non cumprir a lei sen que se notara moito, arte na que as hispanas xentes somos expertos consumados. Estando asinada polas patronais, se a inspección de traballo inspecciona un pouco, è posible que se cumpra nun grao apreciable.

De ser así, produciríase unha xeralización da contratación indefinida e unha restrición da contratación de duración determinada a dúas circunstancias: necesidade de contratación de persoal por circunstancias da produción e substitución dunha persoa sempre que se especifique o nome da persoa substituída e a causa da substitución. E desaparece o contrato de obra e servizo polo que tanta contratación temporal fraudulenta *se colou*.

Deste xeito diminuírá o nivel de temporalidade, o que non é unha cuestión menor, pois esta exerce unha forte presión, á baixa, sobre os salarios e demais condicións de traballo. Por exemplo, debería diminuír a elevadísima rotación laboral que tanto afecta a xoves e mulleres, sumíndoos nunha incerteza que lles impide levar a cabo un proxecto vital.

Os convenios recuperan a ultraactividade, en virtude do cal, cando non se chegue a acordo entre patronal e sindicatos na negociación do convenio manterase a vixencia do convenio colectivo. Isto, hoxe en día na que a correlación de forzas empresarios-obreiros é moi favorable aos primeiros, obrará a favor dos traballadores, pois a urxencia de asinar podería levar aos sindicatos a aceptar condicións laborais que empeoren as do convenio precedente.

Poténcianse os ERTE con exoneracións para os empresarios do 90% das cotizacións para todos os casos de forza maior e nos que a protección por desemprego para os

A información para todas e todos

<https://snepdeg Galicia.org>

<https://www.facebook.com/snep.galicia.16>

## Páxina de opinión

Espazo de liberdade para a palabra dos afiliados de SNEP de Galicia

(As opinións aquí publicades son responsabilidade do asinante)

traballadores é do 70%. É dicir, poténcianse os *ERTES-covid*. Alguén ten algunha dúbida de que a posta en práctica deste tipo de ERTES axudou a empresarios e traballadores a sortear a crise orixinada pola pandemia?

O convenio colectivo sectorial terá prioridade sobre o convenio de empresa no salario base e os seus complementos, é dicir, na masa salarial. É certo que no horario e distribución do tempo de traballo, aboamento de horas extraordinarias e outras cuestións importantes primará o de empresa, o que fai que neste punto en concreto a reforma sexa moi insuficiente. Pero, quen dixo que fose perfecta? Para min o vaso está medio cheo e o viño sábeme.

Gerardo Morano.